

COMUNICADO Nº 027/16

19 de Febreiro de 2016

REGULAMENTO TECNICO DOS GRUPOS NO TRIAL 4x4 2016

Artigo 1º- DEFINICIÓN. O presente regulamento establécese coa finalidade de regular as características técnicas que deben reunir os vehículos para ser admitida a súa participación no Campionato de Galicia de Trial 4x4, así como a súa clasificación nas categorías recollidas no artigo 3 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Trial publicado no Anuario 2016.

Artigo 2º - CATEGORÍAS DE VEHÍCULOS.

2.1.- O articulo artigo 3 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia establece catro (4) categorías de vehículos, as cales son, PROTOTIPOS (PM), PROMODIFICADOS (M), MODIFICADOS (PM) e SERIE (S). A inclusión dos vehículos dentro de cada unha das categorías, levase a cabo a través dun sistema porcentual, dando un valor en porcentaxes (%) parciais (Táboa 1), a cada unha das modificacións efectuadas nos mesmos, as cales se sumasen e darán como resultado unha porcentaxe (%) final (Táboa 2), esta porcentaxe final será o que da categoría na que debe participar cada equipo, segundo a táboa de resultados seguinte:

TÁBOA 1 (Porcentaxes Parcais)						
EIXES	ORIXINAL			NON ORIXINAL		
	0%			10%		
SISTEMA AMORITIGUACION	ORIXINAL			NON ORIXINAL		
	0%			5%		
BLOQUEOS	DIANTEIRO			TRASEIRO		
	20%			20%		
RODAS	ORIXINAL	MENOS 31	DE 31 A 33	MAIS DE 33 A 35		MAIS DE 35
	0%	5%	10%	15%		20%
ANGULO DE ATAQUE	DE 40º a 50º	MAIS DE 50º A 60º	MAIS DE 60º A 70º	MAIS DE 70º A 80º	MAIS DE 80º A 90º	MAIS DE 90º
	0%	5%	10%	15%	20%	25%
CARROCERIA	ORIXINAL			ORIXINAL MODIFICADA		
	0%			5%		

TABOA 2 (Porcentaxes Totais)				
CATEGORÍA	PROTOTIPO (P1)	PROMODIFICADO (M)	MODIFICADO (A)	SERIE (B)
PORCENTAXE	Mais de 100%	De 81% a 100%	De 51% a 80%	ata 50%

2.2.- Á parte do definido no artigo anterior, hai certas características que tamén definen a categoría de cada vehículo, as cales se reflicten nos seguintes artigos do presente regulamento.

Artigo 3º- DEFINIÇÃO DE VEHÍCULOS CATEGORIA PROTOTIPOS (P).

3.1.- Os Prototipos son vehículos de montaxe artesanal, baseándose ou non, noutro vehículo no cal se permiten as seguintes modificacións.

3.1.1.- Chasis. Libre.

3.1.2.- Motor. Libre.

3.1.3.- Sistema de Suspensión. Libre

3.1.4.- Eixos. Libre.

3.1.5.- Bloqueos. a).- Dianteiro. Libre.

b).- Traseiro. Libre.

3.1.6.- Rodas. Libres.

3.1.7.- Carrocería. Libre.

3.1.8.- Angulo de Ataque. Libre.

3.2.- Vehículo que non leve carrocería ou a súa carrocería sexa distinta ao chasis do vehículo base que se utilizou para a construción do PROTOTIPO.

3.3.- Vehículos con dirección en ambos os eixos.

3.4.- Vehículos con chasis tubular.

3.5.- Calquera vehículo que polas súas características Técnicas, os Comisarios da Proba e os Organizadores en consenso, baseándose en criterios de **igualdade1** e **oportunidade2** decidan incluír nesta categoría.

3.6.- Obter unha porcentaxe polo sistema porcentual indicado no artigo 2.1 do presente regulamento de máis de 100%.

Artigo 4º - DEFINIÇÃO DE VEHÍCULOS CATEGORIA PROMODIFICADOS (PM).

4.1.- Os Promodificados son vehículos comerciais, con documentación este ou non en vigor, no referente ás autorizacións administrativas para circular polas Vías Públicas (ITV, Seguro Obrigatorio e Cartón de Inspección Técnica), nos cales se permiten as seguintes modificacións.

4.1.1.- Chasis. Debe ser orixinal dun vehículo comercial, esta permitido variar a súa lonxitude total, sempre que conserve estrutura base orixinal e non se vexa comprometida a resistencia do mesmo.

4.1.2.- Motor. Libre.

4.1.3.- Sistema de Suspensión. Libre.

4.1.4.- Eixos. Libre.

4.1.5.- Bloqueos.

a).- Dianteiro. Libre.

b).- Traseiro. Libre.

4.1.6.- Rodas. Libres.

4.1.7.- Carrocería. Debe ser a orixinal do chasis, aínda que están permitidas as modificacións en canto a recortes e substitución de pezas orixinais por outras da mesma forma para conseguir unha maior lixeireza ou resistencia.

4.1.8.- Angulo de Ataque. Libre.

4.2.- Calquera vehículo que polas súas características Técnicas, os Comisarios da Proba e os Organizadores en consenso, baseándose en criterios de **igualdade1** e **oportunidade2** decidan incluír nesta categoría.

4.3.- Obter unha porcentaxe polo sistema porcentual indicado no artigo 2.1 do presente regulamento de 81% ao 100%.

Artigo 5º - DEFINIÇÃO DE VEHÍCULOS CATEGORIA MODIFICADOS (M).

5.1.- Os Vehículos Modificados son vehículos comerciais, con documentación este ou non en vigor, no referente ás autorizacións administrativas para circular polas Vías Publicas (ITV, Seguro Obrigatorio e Cartón de Inspección Técnica), na que debe incluír todas as modificacións efectuadas no mesmo e nos que se permiten as seguintes modificacións.

5.1.1.- Chasis. Debe ser orixinal dun vehículo comercial, esta permitido variar a súa lonxitude total, sempre que conserve estrutura base orixinal e non se vexa comprometida a resistencia do mesmo.

5.1.2.- Motor. Libre.

5.1.3.- Sistema de Suspensión. Non se permite a instalación de sistema de amortiguación con amortiguadores tipo COILOVER, AIR SHOCK, etc.

5.1.4.- Eixos. Libre.

5.1.5.- Bloqueos.

a).- Dianteiro. Libre.

b).- Traseiro. Libre.

5.1.6.- Rodas. Libres.

5.1.7.- Carrocería. Debe ser a orixinal do chasis, aínda que están permitidas as modificacións en canto a recortes e substitución de pezas orixinais por outras da mesma forma para conseguir unha maior lixeireza ou resistencia.

5.1.8.- Angulo de Ataque. Libre.

5.2.- Calquera vehículo que polas súas características Técnicas, os Comisarios da Proba e os Organizadores en consenso, baseándose en criterios de **igualdade1** e **oportunidade2** decidan incluír nesta categoría.

5.3.- Obter unha porcentaxe polo sistema porcentual indicado no artigo 2.1 do presente regulamento de 51% ao 80%.

Artigo 6º - DEFINIÇÃO DE VEHÍCULOS CATEGORIA SERIE (S).

6.1.- Os Vehículos definidos como Serie, son vehículos comerciais, con documentación este ou non en vigor, no referente ás autorizacións administrativas para circular polas Vías Publicas (ITV, Seguro Obrigatorio e Cartón de Inspección Técnica), na que debe incluír todas as modificacións efectuadas no mesmo e nos que se permiten as seguintes modificacións.

6.1.1.- Chasis. Debe ser o orixinal do vehículo.

6.1.2.- Motor. Libre.

6.1.3.- Sistema de Suspensión. Non se permite a instalación de sistema de amortiguación con amortiguadores tipo COILOVER, AIR SHOCK, etc.

6.1.4.- Eixos. Libre.

6.1.5.- Bloqueos.

a).- Dianteiro. Libre.

b).- Traseiro. Libre.

6.1.6.- Rodas. Libres.

6.1.7.- Carrocería. Debe ser a orixinal do chasis, non se permiten modificacións fóra de reforzos e proteccións.

6.1.8.- Angulo de Ataque. Libre.

6.2.- Calquera vehículo que polas súas características Técnicas, os Comisarios da Proba e os Organizadores en consenso, baseándose en criterios de **igualdade1** e **oportunidade2** decidan incluír nesta categoría.

6.3.- Obter unha porcentaxe polo sistema porcentual indicado no artigo 2.1 do presente regulamento de entre 0% e 50%.

Artigo 7º - PRECEPTOS COMÚNS DE SEGURIDADE.

7.1.- Os Vehículos da Categoría Prototipos (P) e Promodificados (PM), deben levar un sistema de protección antivuelco.

7.2.- Os Vehículos das Categorías Modificados (M) e Serie (S), recoméndase a instalación dun sistema de protección antivuelco.

7.3.- Os Vehículos que non leven carrocería ou que esta este modificada, deben levar un sistema de protección no lugar das portas e no teito do vehículo para evitar que en caso de envorco calquera obxecto poida penetrar no habitáculo do mesmo.

7.4.- Todas as pezas dos vehículos que se poidan caer durante a evolución polas diferentes zonas deben estar perfectamente ancoradas.

7.5.- Non se permite ningunha peza punzante nin cortante que forme parte da estrutura do vehículo.

7.6.- Non se permitirá a participación de ningún vehículo con pedida de líquidos perigosos (ácidos, combustible, aceites).

7.7.- É obrigatorio o uso de casco tanto para copiloto como para piloto, desde que se dá a saída para iniciar a zona ata que se finaliza a mesma.

7.8.- É obrigatorio o uso de cinto de seguridade ou arnés desde que se dá a saída da zona ata a finalización da mesma.

7.9.- É obrigatorio o uso de luvas de protección para o copiloto e recomendable para o piloto.



Artigo 8º- XENERALIDADES.

Calquera incumprimento do presente regulamento levase a eliminación da Proba.

- 1** Que un vehículo polas súas características especiais non reflectidas no presente regulamento este en igualdade de competir cos vehículos da categoría na que se lle pon.
- 2** Que os vehículos incluídos nunha categoría teñan oportunidade de competir por posición nela ao incluír na mesma un vehículo de especiais características.